

ANEXO

Canon eólico. Lei 8/2009, do 22 de decembro  
DECLARACIÓN ALTA/MODIFICACIÓN/BAIXA

DATOS DA DECLARACIÓN

Carácter da declaración ( ) ALTA ( ) MODIFICACIÓN ( ) BAIXA Data.....
---

SUXEITO PASIVO

Titular da explotación.....	CIF nº.....
Domicilio social.....	Concello.....
Provincia.....	Código postal.....
Teléfono.....	Fax.....
	Correo electrónico.....

REPRESENTANTE

Nome e apelidos.....	NIF nº.....
Domicilio social.....	Concello.....
Provincia.....	Código postal.....
Teléfono.....	Fax.....
	Correo electrónico.....

DATOS DA AUTORIZACIÓN DO PARQUE EÓLICO

Data da autorización.....
Actual titular da autorización.....
Autoridade autorizante.....

DATOS DO PARQUE EÓLICO

Nome do parque eólico.....
Concello/s onde se sitúa.....
Lugar.....
Número de aeroxeradores (base impositiva)
Nº de orde no rexistro de inscrición en réxime especial.....

Santiago de Compostela .....de.....de.....	(Selo, nome e sinatura do representante)
--	--

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Resolución do 4 de xaneiro de 2010, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncian, con carácter voluntario e gratuíto, cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, para particulares (adultos) e colectivos de Galicia, no ano 2010 (ED104B).*

Advertidos erros na Resolución do 4 de xaneiro de 2010, da Secretaría Xeral de Política Lingüística,

pola que se anuncian, con carácter voluntario e gratuíto, cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, para particulares (adultos) e colectivos de Galicia, no ano 2010 (DOG número 5, do 11 de xaneiro), cómpre realizar as seguintes correccións:

Na páxina 297, punto segundo, alínea b), onde di: «b) Colectivos, entidades e/ou asociacións que desexen organizar cursos de lingua galega e que contan cun mínimo de 25 persoas preinscristas para participar nos cursos (nome, apelidos e número de DNI/pasaporte)»; debe dicir: «b) Colectivos, entidades e/ou asociacións que desexen organizar cursos de lingua galega e que contan cun mínimo de 20 persoas preinscristas para participar nos cursos (nome, apelidos e número de DNI/pasaporte)».

Na páxina 298, punto noveno, parágrafo quinto, onde di: «-Ata o día 27 de febreiro de 2010, para os colectivos, entidades e asociacións que pretendan organizar cursos entre os meses de abril e novembro de 2010»; debe dicir: «-Ata o día 27 de febreiro de 2010, para os colectivos, entidades e asociacións que pretendan organizar cursos desde o 22 de marzo ata novembro de 2010».

Na páxina 299, punto décimo terceiro, ao final do parágrafo segundo, onde di: «Unha vez aprobada a programación, correspóndelles a resolución de autorización ás respectivas xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Estas resolucións publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística ([www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega)) o día 31 de marzo de 2010»; debe dicir: «Unha vez aprobada a programación, correspóndelles a resolución de autorización ás respectivas xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Estas resolucións publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística ([www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega)) o día 10 de marzo de 2010».

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 19 de xaneiro de 2010 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica-Igape polo que se modifican as bases reguladoras das axudas para a habilitación de tres liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva (Programa Re-Imaxina).*

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 2 de xuño de 2009, acordou aprobar as bases reguladoras das axudas para a habilitación de tres liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Programa Re-Imaxina).

As ditas bases fixéronse públicas mediante Resolución do 22 de xullo de 2009 (DOG nº 148, do 30 de xullo) e, segundo o artigo 21, entraron en vigor ao día seguinte da súa publicación e estableceuse como data de fin de prazo para presentar solicitudes o 30 de decembro de 2009.

Debido á conxuntura económica xeral, os investimentos que estas bases apoian víronse reducidos significativamente neste período, e polo tanto a demanda

dos préstamos que se subvencionan viuse tamén reducida, sen que existan perspectivas de que o crédito orzamentario previsto para estas axudas se esgote coas solicitudes que se presenten no referido prazo.

A pesar destas circunstancias, estas liñas de financiamento considéranse un instrumento de gran importancia para o acceso ao financiamento das microempresas e as pemes galegas, que debe permanecer á súa disposición. En consecuencia, o prazo para presentar solicitudes debe modificarse permitindo que poidan presentarse solicitudes ata o día 30 de xuño de 2010.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 23 de decembro 2009, acordou a modificación das bases reguladoras das axudas para a habilitación de tres liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Programa Re-Imaxina).

Por todo o anterior e en virtude das facultades que teño conferidas,

### RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a modificación das bases reguladoras das axudas para a habilitación de tres liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Programa Re-Imaxina), no seguinte sentido:

Único.-Modificar a redacción do artigo 21, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 21º.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte á publicación destas bases reguladoras no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 30 de xuño de 2010. No caso de esgotamento do crédito o Igape publicará a dita circunstancia no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, en cumprimento do previsto no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes».

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica